



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Aixiña*, é unha imaxe obtida mediante o escaneo íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 6 de xullo de 2017.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN AIXIÑA

1.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No exercicio das súas competencias correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administracións Públicas e Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro, no marco das competencias en materia de asociacións e fundacións.

2.- **Antecedentes:** A Asociación Aixiña está a desenvolver actividades destinadas a unha mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade así como os familiares das mesmas e dos socios non discapacitados. Entre as actividades que leva a cabo a Asociación Aixiña atópanse as de centro de día para persoas maiores dependentes, centro de día para persoas con parálises cerebral e afíns, residencia para persoas con discapacidade, talleres de artesanía e soldadura entre outros, servizos de catering, tenda artesana, etc.

O obxecto da Asociación Aixiña é traballar por e para as persoas con discapacidade física, parálises cerebral/dano cerebral adquirido, terceira idade dependente e as súas familias co fin de lograr a plena integración das persoas en todos os ámbitos da vida (social, cultural e laboral).

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados asinouse un convenio coa Asociación Aixiña o 6 de xullo de 2017 por un periodo de vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

4.-A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Aixiña para a adquisición de equipamento preciso para o funcionamento dos centros de que dispón esta asociación.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: O interese en impulsar aquelas asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública, dado o carácter





limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

6.- Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á entidade a cantidade de DEZ MIL DOUSCENTOS EUROS (10.200,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 (código de proxecto 2015 00121) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

